

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 16 de maio de 2006 pola que se establecen as bases para a concesión de axudas destinadas a facilitar o acceso dos concellos menores de 6.000 habitantes á sociedade da información, en réxime de concorrencia non competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para 2006.

Advertido un erro na orde de referencia, publicada no DOG nº 102, de data 30-5-2006, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 8.609, onde pon: «..1) O prazo para a presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 23 de xuño de 2006 (inclusive)...», substitúese por: «...1) O prazo para a presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de xuño de 2006 (inclusive) ...».

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 31 de maio de 2006 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuídas, dentro do ámbito da súa comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións e informes das actividades docentes, investigadoras e de xestión (previstas tanto pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos seus artigos 50, 51, 52 e 72; como no Decreto autonómico 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, nos seus artigos 5 a 7), para poder ser contratado como profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor, e profesor de universidade privada polas universidades do SUG.

Coa aprobación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 23 de xuño de 2004 pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, e da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que

outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, complétase o sistema para avaliar ou informar as actividades docentes, investigadoras e de xestión, para a contratación do profesorado, establecido a través do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG e na Orde do 1 de abril de 2003 que aproba os criterios xerais de informe e avaliación.

De conformidade co establecido na primeira orde mencionada, o presidente da ACSUG, escoitado o Consello de Dirección da ACSUG, convocará, mediante resolución, a apertura do prazo para a presentación de solicitudes de avaliación ou informe para a contratación de profesorado polas universidades da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que unha vez reunido o Consello de Dirección, na súa virtude,

RESOLVE:

Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria e abrir o prazo para a presentación de solicitudes por parte dos interesados que desexen obter a avaliación ou o informe exixidos para poder ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG), como profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e que debe emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Segunda.-Destinatarios.

Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, queiran obter a avaliación ou o informe necesario para ser contratados por algunha das universidades de Galicia nas figuras contractuais de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador, e non se atopen en ningún dos suposto regulados nos artigos 2, 3 e 4 da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador (DOG do 1 de setembro de 2005).

Terceira.-Solicitudes.

1. As solicitudes de avaliación ou informe, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán indicar para cal ou cales das modalidades contractuais solicitan a avaliación ou informe. No caso de que se solicite a avaliación ou informe para mais dunha figura contractual, farase na mesma solicitude.

2. As solicitudes, dirixiranse ao presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e, sen prexuízo do establecido na base seguinte, presentaranse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo I á presente convocatoria.

Cuarta.-Presentación da documentación.

1. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo I.

-Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Titulación exixida pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, para poder optar á figura contractual de que se trate.

-*Curriculum vitae*, que deberá cubrirse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.

-Documentación acreditativa dos méritos curriculares aos que se fagan mención.

Achegarase unicamente unha copia completa de todos os documentos relacionados, con independencia do número de figuras contractuais para as que se solicite a avaliación ou informe.

2. O modelo de instancia (anexo I) e de *curriculum vitae* (anexo II) deberánse cubrir en formato dixital, na aplicación informática á que se poderá acceder na páxina web www.acsug.es. Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital, deberánse de imprimir e asinar debidamente (o *curriculo vitae* deberá estar asinado en todas as páxinas). Unha vez feito isto, presentaranse ante a axencia do xeito que se establece na base terceira, xunto cos demais documentos que se relacionan no punto anterior.

3. O interesado deberá presentar a documentación que coide pertinente para acreditar os méritos curriculares alegados.

Sen prexuízo do dito no parágrafo anterior:

-A docencia universitaria regrada xustificarse cun certificado do vicerreitorado correspondente da universidade, no que se indiquen as materias e o número de créditos impartidos.

-O expediente académico xustificarse a través dun certificado expedido pola autoridade competente.

-Os cursos e másteres recibidos xustificaranse co correspondente certificado no que conste o número de horas deles.

-As bolsas e as axudas deberán acreditarse a través da credencial emitida polo organismo pagador delas.

-Os proxectos e contratos de investigación competitivos e non competitivos deberán xustificarse coa documentación na que conste a súa concesión por parte do organismo pagador, e as características, o posto ocupado como membro do proxecto e o seu carácter internacional, interuniversitario ou interdepartamental.

-A actividade profesional desenvolvida deberase xustificar prioritariamente coa presentación da copia dos correspondentes contratos de traballo.

-Para acreditar libros, artigos e demais publicacións será suficiente con entregar unha copia da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, depósito legal, etc.

-No caso de traballos aceptados e pendentes de publicación, xustificarse cun certificado da editorial ou organismo, responsable da publicación.

4. Deberase cotexar toda a documentación da que se dispoña dun documento orixinal, como títulos de doutorado, licenciado, arquitecto, diplomado, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico; títulos de másteres; certificado do expediente académico; documentos acreditativos de premios extraordinarios; certificados de cursos, seminarios e de asistencia a congresos; credenciais de bolsas, contratos laborais, ou calquera outro achegado polo solicitante de utilidade para a resolución da convocatoria.

As copias dos libros, artigos e demais publicacións non será necesario cotexas, e será suficiente con entregar unha copia da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, depósito legal, etc. Presentarase un certificado da editorial ou organismo, responsable da publicación, no caso de traballos aceptados e pendentes de publicación, sendo preciso neste caso o cotexo do dito certificado.

Quinta.-Admisión a trámite, emenda e mellora da solicitude.

1. Cando algunha das persoas que se atopen nos supostos regulados nos artigos 2, 3 e 4 da Orde do 18 de agosto de 2005, pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador (DOG do 1 de setembro de 2005), á que se fai referencia na base segunda, solicite a avaliación ou informe a ACSUG, esta, unha vez percibida desta circunstancia, arquivará a solicitude e comunicarlle

ao interesado a non procedencia da avaliación ou informe solicitado.

2. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas en prazo cumpran cos requisitos establecidos polo artigo 13.4º do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG (DOG do 4 de xuño), pola Orde do 23 de xuño de 2004 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (DOG do 5 de xullo de 2005) e demais normativa de aplicación, necesarios para admitilas a trámite.

2. Será imprescindible presentar a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo I, debidamente cuberto.

-*Curriculum vitae* cuberto no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II, asinado en todas as páxinas.

-Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Titulación exixida pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, para poder optar á figura contractual de que se trate.

3. Cando as solicitudes presentadas en prazo non acompañen os documentos exixidos no parágrafo anterior, ou non reúnan os requisitos exixidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, requirirase o interesado para que proceda á súa emenda de conformidade co disposto no citado artigo.

4. Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, as correspondentes avaliacións e informes faranse con base en documentación acreditativa dos méritos curriculares que achegase o interesado ate ese momento.

5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a ACSUG, poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación aos méritos alegados nos seus curricula, sempre que fosen debidamente xustificadas con anterioridade a que rematase o prazo ao que se fai referencia no punto anterior.

Sexta.-Prazo.

O prazo para a presentación das solicitudes de avaliación ou informe será de 40 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima.-Procedemento de avaliación e informe.

1. Unha vez asignados pola ACSUG os curricula dos solicitantes ao comité de asesores expertos que lle corresponda, atendendo ao criterio indicado no artigo 8 da Orde do 23 de xuño de 2004 (DOG do 5 de xullo), avaliará os curricula asignados, de conformidade e en función do disposto no protocolo

e baremos de avaliación establecidos pola Orde do 23 de xuño, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (títulos II e III).

A avaliación dos curricula, en cada figura contractual que o interesado solicitase, deberase emitir por consenso da maioría dos membros do comité, e deberá de estar motivada no caso de ser negativa.

2. A vista das avaliacións emitidas polos comités de asesores expertos, a CGIACA, emitirá a proposta motivada de informe ou avaliación de cada unha das solicitudes avaliadas.

Oitava.-Acordos de avaliación ou informe.

As propostas motivadas emitidas pola CGIACA serán vinculantes para o Consello de Dirección da ACSUG, que de conformidade, coas mesmas, adoptará os correspondentes acordos.

Os acordos do Consello de Dirección, tamén motivados, serán notificados de conformidade co establecido no artigo 89 da Lei 30/1992, a cada solicitante, persoal e directamente, no prazo máximo dos seis meses seguintes á presentación da solicitude.

Novena.-Efectos da avaliación ou informe.

Os informes favorables ou as avaliacións positivas non teñen prazo de caducidade unha vez obtidos, e terán validez para as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

Décima.-Recurso.

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa polo que de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992 poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira.-Protección de datos de carácter persoal.

Na presente convocatoria cúmprese co indicado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), poñendo en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, Lamas de Abade, s/n-I.E.S. Compostela 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Duodécima.-Entrada en vigor.

A presente resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2006.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz

Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO II

CURRICULUM VITAE

Nome e apelidos: -----
 O abaixo asinante declara que son certos os datos que figuran neste curriculum, e asume, en caso contrario, as responsabilidades que puideran derivarse das inexactitudes que consten nel.

É necesario asinar á marxe de cada unha das follas.
 Este cv preséntase sen prexuízo de que no proceso de avaliación puidera requirirse o interesado para ampliar a información aquí contida.

Santiago de Compostela, de de 200
 Sinatura:

1. DATOS PERSONAIS:

Apelidos:	
Nome:	
DNI:	
Data nacemento:	
Sexo:	

2. SITUACIÓN PROFESIONAL ACTUAL:

Organismo ou entidade:	
Categoría profesional:	
Actividade que desenvolve:	
Data inicio:	

3. ACTIVIDADES ANTERIORES DE CARÁCTER CIENTÍFICO OU PROFESIONAL:

Datas:	
Posto:	
Institución:	
Actividades desenvolvidas:	

4. FORMACIÓN ACADÉMICA:

• Titulos:	
Diplomatura/licenciatura/enxeñaría:	
Centro:	
Data:	
• Doutoramento:	
Doutoramento:	
Centro:	
Data:	
Director(es) de tese:	
Título da tese:	
• Axudas ou bolsas:	
Axudas e bolsas:	
Finalidade:	
Entidade financiadora:	
Duración:	
Centro ou institución:	

ANEXO I

SOLICITUDE DE AVALIACIÓN OU INFORME DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI	Sexo
Dirección		Data nacemento		
Código postal	Cidade	Provincia		
Teléfono	Fax	Correo electrónico		

2. FINALIDADE DA AVALIACIÓN OU INFORME.

<input type="checkbox"/> Profesor contratado doutor
<input type="checkbox"/> Profesor axudante doutor
<input type="checkbox"/> Profesor colaborador
<input type="checkbox"/> Profesor de universidade privada

3. ÁREA DE COÑECEMENTO. Similar ata un máximo de tres, por orde de preferencia. Esta información terá efectos para a adxeración da solicitude aos campos de avaliación por parte da ACSUG. A ACSUG non emitirá avaliacións ou informes vinculados a unha área de coñecemento específica. (Ver catálogo de áreas de coñecemento publicado polo R.D. 774/2002, do 26 de xullo, regulador do sistema de habilitación nacional para o acceso a corpus de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos respectivos, no seu anexo II, BOE: do 7 de agosto de 2002).

1.-	Código:
2.-	Código:
3.-	Código:

4. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

--

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, infórmase de que os seus datos persoais van ser incorporados a un ficheiro automatizado, o cal ten a finalidade de avaliar as persoas solicitantes da acreditación segundo as bases da presente convocatoria. Póñese no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido a AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA - Lamas de Abade, s/n - I.E.S. Compostela 5º andar, 15702 - Santiago de Compostela (A Coruña).

Marque con X este campo se non desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e de medición da satisfacción.
 Marque con X este campo se desexa que a ACSUG lle comunique a través do correo electrónico indicado a resolución provisional da valoración.

5. PUBLICACIONES CIENTÍFICAS: Claves: L: Libro; CL: Capítulo de libro; A: Artigo; R: Revista; E: Editor; PCI: Publicación Científica Internacional; PCE: Publicación Científica Estatal; PCA: Publicación Científica Autonómica; PCL: Publicación Científica Local.

L	<input type="checkbox"/>	CL	<input type="checkbox"/>	A	<input type="checkbox"/>	R	<input type="checkbox"/>	E	<input type="checkbox"/>	PCI	<input type="checkbox"/>	PCE	<input type="checkbox"/>	PCA	<input type="checkbox"/>	PCL	<input type="checkbox"/>
Autor/es:																	
Título:																	
Libro: Revista:																	
Volumen: Páxinas: Editorial: Ano:																	
Clave:																	

6. PATENTES, MODELOS DE UTILIDADE E OUTROS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN:

Inventores:	
Título:	
Nº solicitude:	
País prioridade:	
Data prioridade:	
Entidade titular:	
Países aos que se estendeu:	
Empresa (s) que a explotan:	

7. PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN:

Título proxecto:	
Entidade financiadora:	
Duración desde:	
Investigador principal:	
Ata:	
Tipo de participación do solicitante:	

8. PARTICIPACIÓN EN CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN:

Título do contrato:	
Empresa ou Administración financiadora:	
Duración desde:	
Ata:	
Investigador responsable:	
Tipo de participación do solicitante:	
Resultados máis relevantes:	

9. ESTADÍAS EN CENTROS ESPAÑOS E ESTRANXEIROS:

Centro:	
Localidade:	
País:	
Ano:	
Duración:	
Tema:	
O solicitante realizou a súa estadia en calidade de:	

10. CONTRIBUCIÓNS A CONGRESOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONFERENCIAS...:

Autores:	
Título:	
Tipo de participación:	
Congreso:	
Publicación:	
Lugar de celebración:	
Ano:	

11. ASISTENCIA A CONGRESOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONFERENCIAS ...:

Título:	
Carácter:	
Lugar de celebración:	
Ano:	

12. TESES DOUTORAIS DIRIXIDAS:

Título:	
Doutorando:	
Programa:	
Universidade:	
Ano:	
Cualificación:	
Membros do tribunal:	

13. OBRAS ARTÍSTICAS:

Descrición:	
Datos:	
Exposición, catalogación ou publicación se é o caso:	

14. EXPERIENCIA DOCENTE:

Centro:	
Dpto/Facultade ou escola/instituto:	
Localidade:	
País:	
Ano:	
Título do curso impartido:	
Diplomatura/licenciatura/enxeñaría/doutoramento:	
Nivel do curso (destinatarios):	
Duración:	
Contidos principais:	
Avaliación sobre a calidade da docencia impartida:	
Material docente orixinal/tipo/soporte:	

15. FORMACIÓN PARA A DOCENCIA: Estadías en centros: Participación en cursos ou programas específicos: Desenvolvemento de proxectos de innovación docente: Outros:	16. EXPERIENCIA PROFESIONAL: Entidade: Categoría: Lugar: Duración: Actividade desenvolvida: Relevancia para o campo científico:	17. EXPERIENCIA EN XESTIÓN: Posto ou cargo: Lugar: Duración: Actividade desenvolvida
18. POSTOS OU CARGOS ACADÉMICOS: Posto ou cargo académico: Lugar: Duración: Actividade desenvolvida		
19. OUTROS MÉRITOS RELEVANTES QUE O SOLICITANTE DESEXA FACER CONSTAR: 		

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Resolución do 25 de abril de 2006 pola que se convoca a edición do XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

Co fin de incentivar a creación literaria no ámbito do teatro, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, dentro do seu obxecto básico de desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades teatrais (prevista no artigo da Lei 4/1989 do 21 de abril, de creación co IGAEM), convoca a edición do XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, consonte coas seguintes bases:

Primeira.-Anúnciase a convocatoria para o ano 2006 da XV edición do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e da I edición do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

Segunda.-Premio.

A concesión dos premios comprende a dotación económica de 6.000 € para o Álvaro Cunqueiro e 4.000 € para o Manuel María, así como a publicación das obras premiadas.

Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos de gasto para o exercicio de 2006 con cargo á aplicación orzamentaria 12.90.354A.640.1, investimento de carácter inmaterial IGAEM, e estarán suxeitas ao tratamento fiscal correspondente en vigor no momento da concesión.

Terceira.-Requisitos.

Poderán optar aos premios textos teatrais inéditos escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados e non premiados anteriormente noutros concursos. No caso do Manuel María, dirixidos especificamente a público infantil.

As obras serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo para cada un dos premios, quedando excluídas, xa que logo, as obras de teatro breve. Quedan excluídos, así mesmo, os textos para teatro de títeres en calquera dos premios.

Quedarán excluídos, para o premio para textos teatrais Álvaro Cunqueiro, os orixinais que resultasen ser dos autores premiados nas convocatorias XIII e XIV, correspondentes aos anos 2004 e 2005 respectivamente. Nesta mesma liña, os autores que resulten galardoados na edición 2006, tanto no Álvaro Cunqueiro coma no Manuel María, non poderán volver a presentarse nas dúas convocatorias posteriores.